

***CONSELLERÍA DE SANIDADE***

***SECCIÓN 13***



## **1. COMPETENCIAS**

---

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece o seguinte cadro de competencias en materia de sanidade e actividades complementarias a ela:

1. O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior (artigo 33.1).
2. En materia de seguridade social: o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado, agás as normas que configuren o réxime económico dela (artigo 33.2, parágrafo primeiro), así como a xestión do seu réxime económico, sen prexuízo da caixa única (artigo 33.2 parágrafo segundo).
3. A execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos (artigo 33.3) e o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de establecementos farmacéuticos (artigo 28.8).
4. A organización e administración, dentro do seu territorio, de todos os servizos relacionados coas materias antes expresadas e o exercicio da tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e seguridade social, reservándose o Estado a alta inspección conducente ao cumprimento das funcións e competencias contidas neste artigo (artigo 33.4).

No marco da planificación xeral sanitaria do Estado e dentro do seu ámbito de actuación territorial, correspóndelle á Xunta de Galicia, como competencias transferidas, a organización, programación, dirección, resolución, control, vixilancia e tutela, así como a sanción e intervención nas actividades e servizos seguintes:

1. Control sanitario de:
  - A) Augas de bebidas.
  - B) Augas residuais.
  - C) Residuos sólidos.

- D) Contaminación atmosférica.
  - E) Vivenda e urbanismo.
  - F) Locais e edificios de convivencia pública ou colectiva.
2. Actividades sanitarias relacionadas cos establecementos e industrias molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
  3. O control da publicidade médico-sanitaria á que se refire o Real decreto 2827/1977, do 20 de xullo, e disposicións complementarias aos órganos da Administración do Estado.
  4. O estudo, vixilancia e análise epidemiolóxica dos procesos que inciden positiva ou negativamente na saúde humana.
  5. Os programas sanitarios tendentes á protección e promoción da saúde, tales como os da hixiene maternal, infantil, escolar, industrial, laboral, deportiva, mental, así como as accións sanitarias permanentes en materia de enfermidades transmisibles e non transmisibles, antropozoonose e educación sanitaria.
  6. O desenvolvemento de programas de formación en materia de saúde pública en coordinación coa Administración do Estado, na forma en que se establece regulamentariamente.
  7. O outorgamento da autorización oportuna para a creación, construción, modificación, adaptación ou supresión de centros, servizos e establecementos sanitarios de calquera clase e natureza, engadindo os balnearios e as entidades de seguro libre de asistencia médico-farmacéutica.

Exceptúanse as autorizacións que se refiran aos laboratorios ou establecementos de elaboración de drogas, produtos estupefacientes, psicotrópicos ou especialidades farmacéuticas semellantes e as súas materias primas e material instrumental médico, terapéutico ou correctivo.

8. O control sanitario de produción, almacenamento, transporte, manipulación e venda de alimentos, bebidas e produtos relacionados, directa ou indirectamente, coa alimentación humana cando estas actividades se desenvolvan en Galicia.

Como consecuencia do Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre o

traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde, asúmense tamén as seguintes competencias:

1. As funcións correspondentes aos centros e establecementos sanitarios, asistenciais e administrativos da Seguridade Social xestionados polo Instituto Nacional da Saúde na Comunidade Autónoma.
2. As funcións encomendadas pola lexislación vixente ás direccións provinciais da citada entidade xestora da Seguridade Social, así como as funcións correspondentes ao Ministerio de Sanidade e Consumo respecto ás ditas direccións provinciais.
3. A elaboración e a execución dos plans de investimento que se aproben en materia sanitaria na Comunidade Autónoma, así como a xestión dos investimentos en curso.
4. A contratación, xestión, actualización e resolución dos concertos con entidades e institucións sanitarias ou asistenciais que presten servizos na Comunidade Autónoma, dentro dos límites orzamentarios.
5. A creación, transformación e ampliación, dentro dos límites orzamentarios así como a clasificación e supresión dos centros e establecementos sanitarios en réxime ordinario ou experimental, dos centros asistenciais e administrativos do Insalud na Comunidade Autónoma, de acordo coa lexislación básica do Estado.
6. As funcións de xestión que realiza o Instituto Nacional da Saúde a través dos seus servizos centrais, no que se refire ao territorio de Galicia e, entre elas, a inspección de servizos de xestión das prestacións sanitarias da Seguridade Social.
7. A planificación de programas e medidas de asistencia sanitaria da Seguridade Social no ámbito da Comunidade, de acordo coa lexislación básica do Estado.
8. A análise e avaliación do desenvolvemento e resultados da acción sanitaria da Seguridade Social en Galicia.
9. A organización e o réxime de funcionamento dos centros e servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social na Comunidade Autónoma, así como a definición de criterios xerais para a avaliación da eficacia e rendemento dos programas, centros ou servizos sanitarios na Comunidade Autónoma, todo iso de acordo coa normativa básica do Estado e a normativa reguladora do réxime económico da Seguridade Social.

Por outro lado, a través do Real decreto 212/1996, do 9 de febreiro, transferíronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Seguridade Social en materia de asistencia sanitaria encomendada ao Instituto Social da Mariña, en concreto a asistencia sanitaria dos traballadores do mar e os seus beneficiarios, dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Non obstante continúan sendo competencias da Administración do Estado a asistencia sanitaria dos traballadores do mar a bordo e no estranxeiro, así como a información sanitaria ao traballador do mar, educación e distribución da guía sanitaria a bordo, a práctica de recoñecementos médicos previos ao embarque, inspección e control dos medios sanitarios a bordo e das condicións hixiénicas das embarcacións.

Dentro dos obxectivos do Servizo Galego de Saúde de integrar dentro da súa rede asistencial os centros sanitarios das corporacións locais, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia:

1. O Hospital Médico-Quirúrxico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo e a rede asistencial do mesmo, dependentes da Deputación Provincial da Coruña (Decreto 373/1992, do 17 de decembro).
2. O Hospital Provincial Santa María Nai, dependente da Deputación Provincial de Ourense (Decreto 22/1993, do 28 de xaneiro).
3. O Hospital Municipal Nicolás Peña, dependente do Concello de Vigo (Decreto 27/1994, do 4 de febreiro).
4. O Hospital Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico do Rebullón, dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra (Decreto 58/1996).

Debe tamén sinalarse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de medios persoais adscritos ao Hospital Militar da Coruña, en virtude do Real decreto 1432/1996, do 7 de xuño.

Tamén, a través do Real decreto 1379/1997, do 29 de agosto, traspasáronse á Comunidade Autónoma as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de execución da lexislación do Estado sobre produtos farmacéuticos nos termos establecidos na Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, e, en especial, os seguintes:

1. Autorización das mensaxes publicitarias para difusión limitada á Comunidade Autónoma.
2. Control da promoción dirixida a profesionais sanitarios.
3. Verificar que os laboratorios farmacéuticos realizan os controis esixidos.
4. Accións inspectoras que desencadeen suspensión ou renovación das autorizacións.
5. Programas de control de calidade dos medicamentos.
6. Información das reaccións adversas dos medicamentos.
7. Inspección en materia de ensaios clínicos.
8. Inspección de execución da lexislación de produtos farmacéuticos.
9. Potestade sancionadora en materia de produtos farmacéuticos.
10. Peche temporal de establecementos.
11. Realización de inspeccións de boas prácticas de laboratorios.

Por último, polo Decreto 373/2003, do 16 de outubro, asumíronse pola Comunidade Autónoma de Galicia as funcións en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia e o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativo de intereses económicos e profesionais.

No citado decreto adscribiuse á Consellería de Sanidade a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

A Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia promulgouse co obxecto de ordenar o sistema sanitario de Galicia, configurado polo conxunto dos recursos, actividades, servizos e prestacións que teñen por finalidade a promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria e a rehabilitación, así como a regulación de cantas actuacións permitan facer efectivo o dereito dos cidadáns á protección da saúde no ámbito da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos a lei vertebra o sistema sanitario de Galicia, que se sitúa baixo a dirección da Consellería de Sanidade, ao amparo dos principios de orientación aos cidadáns e participación social, concepción integral da saúde, universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, promoción da equidade e equilibrio territorial no acceso ás prestacións e servizos sanitarios, calidade dos servizos, cooperación entre todos os axentes que integran o sistema e seguridade, efectividade e eficiencia no desenvolvemento das súas actuacións.

A dirección do sistema sanitario de Galicia é competencia da Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade e ten como principais funcións de carácter estratéxico:

1. As intervencións que supoñan exercicio de autoridade necesarias para garantir a tutela xeral da saúde pública.
2. A ordenación das relacións coas persoas que gozan do dereito ás prestacións sanitarias de cobertura pública.
3. A fixación de obxectivos de mellora da saúde.
4. A delimitación do dispositivo de medios de titularidade pública ou adscritos ao sistema, segundo as necesidades de saúde da poboación.

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, estrutura á Consellería de Sanidade cos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Saúde Pública.
3. Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.



De acordo co citado Decreto 232/2005, o Servizo Galego de Saúde conta cos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde.
2. División de Asistencia Sanitaria.
3. División de Recursos Económicos.
4. División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional.

Segundo o disposto na Lei 7/2003, o Servizo Galego de Saúde desenvolve, as funcións seguintes:

1. A distribución dos recursos económicos afectos ao financiamento dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública, mediante a compra da actividade asistencial aos centros, servizos e establecementos da rede galega de atención sanitaria de utilización pública.
2. A prestación directa de asistencia sanitaria nos seus propios centros, servizos e establecementos ou adscritos ao servizo, e indirecta a través doutros centros, servizos e establecementos da rede galega de atención sanitaria de utilización pública.
3. O goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao Servizo Galego de Saúde, aos que se aplicarán idénticos requisitos para os efectos da compra de servizos de asistencia sanitaria que aos restantes dispositivos da rede galega de atención sanitaria de utilización pública.
4. A ordenación e a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros asignados ao servizo para o cumprimento dos seus fins.
5. O establecemento, a xestión e a actualización dos acordos, convenios e contratos (calquera que sexa a súa tipoloxía e modalidade) con terceiras entidades titulares de centros, servizos e establecementos sanitarios.
6. A execución e desenvolvemento de programas de docencia e investigación.
7. Aquelas outras que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

Na citada Lei 7/2003, dispónse que a xestión dos centros, servizos e establecementos asistenciais do Servizo Galego de Saúde pode levarse a cabo a través de entidades dotadas de personalidade xurídica propia.

Neste senso figuran adscritos á Consellería de Sanidade os seguintes organismos:

- 1. Fundación Hospital de Verín**, constituída en escritura pública outorgada o 15 de setembro de 1993 polo conselleiro de Sanidade, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, e que preside o padroado desta fundación.

Segundo consta no artigo 4º dos seus estatutos, o obxecto da Fundación Hospital de Verín é a realización, na zona de influencia do Hospital de Verín, de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da comunidade en calquera das súas vertentes, así como a realización doutras actividades que poden axudar á consecución do obxectivo fundacional, desenvolvéndose todas estas actividades, con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas respectivas competencias.

- 2. Fundación Centro de Transfusión de Galicia**, constituída en escritura pública outorgada o día 2 de xuño de 1993 polo conselleiro de Sanidade en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia. A presidencia do padroado desta fundación recae no presidente do Servizo Galego de Saúde.

Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, o obxecto da fundación é a organización funcional da hemoterapia e hemodoazón na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo os seus fins, de acordo co artigo 7:

- A) A promoción da hemodoazón e plasmaférese voluntaria.
- B) A programación de tódalas extraccións do sangue extrahospitalarias por medio de equipos móbiles.
- C) O procesamento de tódalas unidades de sangue recollidas de forma extra e intrahospitalaria.
- D) O abastecemento de sangue e derivados a todos os hospitais e centros sanitarios públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia con arranxo ás súas necesidades.
- E) O fraccionamento de sangue para a produción de hemoderivados básicos.

- F) Responsabilizarse do intercambio de plasma que se realice entre os bancos de sangue del dependentes e a industria fraccionadora.
- G) O abastecemento de reactivos tanto ao propio centro como aos hospitais da Comunidade.
- H) O control de calidade dos reactivos utilizados e a tecnoloxía referente á transfusión.
- I) Ser o centro de referencia dos problemas derivados da inmunohematoloxía e hemoterapia.
- J) Ser o centro de referencia e protocolización da tipaxe HLA.
- K) Supervisar o cumprimento da normativa básica de avaliación da calidade de todos os bancos de sangue ubicados no territorio asignado.
- L) Dispoñer dun inventario actualizado referente a doantes, recursos humanos e materiais e actividade dos diferentes bancos de sangue e das necesidades de sangue, plasma e hemoderivados do ámbito territorial asignado.
- M) Promover o desenvolvemento da investigación tendente á obtención de novos derivados do sangue para os usos terapéuticos.
- N) Establecer programas e implantar cursos tendentes a garantir a formación dos profesionais en materia de hemoterapia.
- O) Manter unha estreita vinculación cos centros transfusionais da rede nacional así como cos bancos hospitalarios.
- P) Desenvolver a infraestrutura necesaria para a criopreservación do sangue e dos seus derivados así como da médula ósea.
- Q) Calquera outra actividade tendente á planificación, coordinación e mellora da actividade relacionada coa captación de doantes, extracción, tratamento e distribución do sangue e dos seus derivados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- R) Realización das determinacións analíticas que estean dentro das competencias do centro e que sexan solicitadas polos hospitais da área de actuación (probos de compatibilidade pretransfusional, VIH, marcadores de hepatite, anemias hemolíticas,...).

**3. Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía**, constituída en escritura outorgada o día 23 de decembro de 1994 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en nome e representación da Comunidade Autónoma Galega.

Segundo consta no artigo 4 dos seus estatutos, o obxecto xenérico da fundación é a prestación de servizos especializados de consultoría, planificación, avaliación e prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade, docencia e investigación, podendo constituír o seu obxecto as seguintes actividades:

- A) Prestación de servizos especializados e integrais en prestacións oftalmolóxicas de alta complexidade.
- B) A asesoría e consultoría no desenvolvemento de novas prestacións diagnósticas e/ou terapéuticas.
- C) O deseño e implantación de sistemas de corrección ocular.
- D) A docencia e investigación en prestacións oftalmolóxicas e tecnolóxicas afíns.
- E) O control de calidade en prestacións oftalmolóxicas.
- F) Outras actividades conexas que estime necesarias.

**4. Instituto Galego de Medicina Técnica S.A.**, sociedade pública autonómica creada ao amparo do artigo 55, 2º do Estatuto de Autonomía de Galicia, polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, quedando adscrita ao Servizo Galego de Saúde.

De acordo co artigo 4º dos seus estatutos, esta sociedade ten por obxecto, xenericamente, a prestación de servizos de xestión, consultoría e, prioritariamente, prestacións sanitarias de alta tecnoloxía. En particular poden constituír o seu obxecto:

- A) Prestar servizos especializados e integrais en xestión de servizos sanitarios e prestacións sanitarias de alta tecnoloxía.
- B) Asesoría no desenvolvemento de plans organizativos, operativos e loxísticos.
- C) Deseño e implantación de sistemas.
- D) Consultoría en xestión sanitaria, protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.
- E) Investigación en xestión de servizos sanitarios, protección radiolóxica, radioterapia e tecnoloxías afíns.

- F) Control de calidade en protección radiolóxica, radioloxía, radioterapia e tecnoloxías afíns.
- G) Explotación de instalacións sanitarias de alta tecnoloxía.
- H) A realización doutras actividades conexas que se estimen necesarias.

O obxecto social poderá ser realizado de modo directo, ou a través de sociedades filiais, accións e participacións noutras sociedades de obxecto análogo ou mediante calquera outra fórmula admitida en dereito.

- 5. Fundación Pública Hospital Virxe da Xunqueira**, constituída en escritura pública outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia no ano 1997.

Segundo se sinala no artigo 5º dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 229/1997, do 25 de agosto, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.

- 6. Fundación Pública Hospital da Barbanza** foi constituída en escritura pública outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en 1997, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se sinala no artigo 5º dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 229/1997, do 25 de agosto, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, a docencia e investigación de ciencias da saúde, e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes; a coordinación concreta do desenvolvemento da súa actividade realizarase a través do complexo hospitalario de referencia da área sanitaria onde se encontra a súa área de influencia.

- 7. Fundación Pública Hospital do Salnés**, constituída en 1999 en escritura pública

outorgada polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo se sinala no artigo 50 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 340/1999, do 16 de decembro, o obxecto desta fundación é a realización de actividades de promoción, prestación e xestión directa ou indirecta de recursos e servizos sanitarios, docencia e investigación de ciencias da saúde e a promoción da saúde individual e colectiva da Comunidade en calquera das súas vertentes.

- 8. Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria** constituída en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo consta no artigo 5º dos seus estatutos, o obxectivo desta fundación é a formación e investigación nas materias de saúde pública e administración sanitaria dentro dos criterios de planificación e das directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Dentro dos seus fins pódense sinalar:

- A) Ofertar a realización de cursos dirixidos á formación e perfeccionamento técnico no ámbito da saúde pública e administración sanitaria.
- B) Titulación dos profesionais sanitarios, nos distintos campos da saúde pública.
- C) Asesoramentos.
- D) Investigacións.
- E) Organización de reunións científicas e de especialistas.
- F) Publicación de estudos e investigación, etc...

- 9. Fundación Foro Permanente Galego e Iberoamericano da Saúde**, constituído en escritura pública outorgada o día 29 de decembro de 1997 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 5º dos seus estatutos, o obxectivo desta fundación é o fomento da cooperación entre as distintas asociacións, corporacións, institucións, colexios, empresas e calquera outras entidades públicas ou privadas dos países do mesmo entorno

cultural, co fin de contribuír á mellora da saúde mundial, baixo o principio de solidariedade, atendendo de maneira preferente á mellora das condicións de saúde das colectividades galegas asentadas no exterior.

**10. Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061**, constituída en escritura pública outorgada o día 30 de xuño de 1999 polo conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais en representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 4º dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

Para tal fin xestionará a Central de Coordinación de Urgencias Médicas regulada na Orde do 9 outubro de 1995.

**11. Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica**, foi creada polo Decreto 451/2003, do 26 de decembro (DOG nº 9, do 15 de xaneiro de 2004).

De acordo co artigo 5º dos seus estatutos, a fundación ten, xenericamente, por obxecto, desenvolver actividades relacionadas coa medicina molecular, entendida como o coñecemento sobre os xenes humanos, na que conflúen varias disciplinas das ciencias da saúde, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006**

---

### **2.1 DA CONSELLERÍA E DO ORGANISMO AUTÓNOMO**

O novo modelo estratéxico do sistema sanitario galego orientarase cara ao seu obxectivo principal que é obter resultados satisfactorios para os cidadáns. Os cidadáns de Galicia son a razón de ser do sistema, a súa saúde e os seus dereitos son o fin último de calquera recurso, profesional ou política do servizo sanitario.

Por iso, sen esquecer a importancia dun impacto positivo nos resultados dirixidos a outros dos eixes fundamentais como son os profesionais do sistema e a propia organización sanitaria, a actividade da Consellería de Sanidade e do Sergas dirixirase primordialmente á obtención de resultados para os cidadáns obxectivos nos seguintes indicadores:

1. Diminución dos riscos para a saúde da poboación.
2. Diminución da prevalencia das enfermidades máis importantes.
3. Diminución continua da mortalidade prematura evitable.
4. Mellora na calidade de vida dos doentes.

Á hora de definir os seus obxectivos é necesario sinalar que tódalas actuacións e decisións, así como todos os niveis e procesos do sistema sanitario galego deben ter en conta os seguintes valores ou criterios fundamentais:

1. Os resultados desexados cara aos cidadáns teñen que se obter en dous ámbitos:
  - A) Na saúde das galegas e dos galegos.
  - B) Nos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria, e na humanización da medicina, tanto en niveis obxectivos coma de satisfacción percibida.

E ademais, garantindo a eliminación de calquera tipo de desigualdade.

2. O sistema sanitario galego promoverá e potenciará o seu carácter público.
3. O sistema sanitario galego ten que actuar con eficiencia nos custos de todos os seus niveis orgánicos e asistenciais para garantir a sostibilidade financeira do sistema.



4. Todos os obxectivos e resultados da organización deberán estar baseados na participación real e continua de profesionais, cidadáns e, en xeral, de toda a sociedade galega.

Tendo en conta o indicado anteriormente, por obter os obxectivos desexados, dende a Consellería de Sanidade identificáronse as seguintes liñas estratéxicas para o período 2005-2009:

1. Garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria.
2. Promover unha xestión transparente do sistema sanitario.
3. Mellorar a continuidade asistencial entre a Atención Primaria, e a Atención Especializada.
4. Motivar e apoiar aos profesionais sanitarios cara aos resultados na saúde e nos dereitos dos cidadáns.
5. Prestar uns servizos sanitarios de calidade.
6. Aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios.
7. Mellorar os sistemas de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios.
8. Reorientar o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.

No desenvolvemento destas estratexias no exercicio 2006 preténdense acometer as seguintes accións:

Dentro da **liña estratéxica 1**, garantir o efectivo exercicio dos dereitos recoñecidos na lexislación sanitaria:

- Impulsar servizos de atención aos usuarios en todos os hospitais para que xestionen, e non só tramiten as reclamacións, e por en marcha un sistema común para toda a organización sanitaria de xestión de suxestións e reclamacións (SER).
- Facilitar ao cidadán unha segunda opinión ante situacións graves, e que se realice nun prazo curto.

- Desenvolver a figura do Valedor do Paciente.
- Establecer un plan de actuación para equilibrar as desigualdades territoriais.
- Desenvolver un plan de normalización lingüística na sanidade galega.

No que se refire á **2ª liña estratéxica**, promover unha xestión transparente do sistema sanitario:

- Dar contido real aos órganos de participación cidadá das áreas.

Na **liña estratéxica 3ª**, mellorar a continuidade asistencial entre a atención primaria e a atención especializada, preténdese:

- Impulsar un sistema de seguimento e control continuo e integral do paciente (por exemplo: proxecto de historia clínica informatizada- IANUS -; acceso a bases de datos actuais, probas diagnósticas, informe de alta dende os distintos niveis de asistencia).
- Ter en conta, dentro dos procesos asistenciais definidos na área, a necesidade de:
  - a) Elevar a capacidade de resolución en atención primaria.
  - b) Mellorar a sistemática de derivacións á especializada.
  - c) Establecer os criterios de derivación e seguimento de pacientes dende a especializada á primaria.
- Xerar guías clínicas mediante equipos operativos coordinados asegurando a extensión homoxénea (equipos de mellora).
- Introducir a xestión por procesos mediante vías clínicas, enlazando saúde pública, atención primaria e atención especializada.
- Diseñar estruturas organizativas para as áreas xestionadas por procesos e adaptadas ás necesidades de cada área.
- Integrar o Plan de drogas no Sergas.
- Desenvolver a rede de coidados paliativos.
- Impulsar un sistema eficiente de prescrición e receita electrónica.

No que respecta á **4ª liña estratéxica**, motivar e apoiar aos profesionais sanitarios cara aos resultados na saúde e nos dereitos dos cidadáns:

- Xerar criterios de avaliación na carreira profesional de acordo coa mellora da saúde e os dereitos dos cidadáns. Incluir a avaliación de competencia profesional nos niveis altos.
- Aumentar a dedicación exclusiva ao sistema público dos profesionais, con especial énfase a nivel das xefaturas de servizo, e cun estrito cumprimento da normativa de incompatibilidade.
- Crear a carreira de xestión en sanidade. Favorecer a profesionalización da xestión dos centros e tamén dos responsables das áreas de xestión clínica.
- Desenvolver accións específicas para preparar o axeitado relevo xeneracional dos xefes de servizo próximos a xubilación.
- Desenvolver un plan de I+D+I da Consellería que teña en conta:
  - a) A coordinación e fomento da investigación no sistema sanitario.
  - b) A coordinación co Plan galego de I+D.
  - c) O establecemento de orzamentos finalistas de investigación.
  - d) A regularización máis precisa da xestión de investigación con ensaios clínicos.
- Establecer un plan galego de formación continuada sanitaria.
- Potenciar o “e-learning”.
- Potenciar os plans de saúde laboral e prevención de riscos laborais.

Na **liña estratéxica 5ª**, prestar uns servizos sanitarios de calidade, preténdese:

- A redución e transparencia das listas de espera cirúrxicas, de consulta externa e de probas diagnósticas.
- Asegurar a asistencia dental básica ata os 14 anos.
- Desenvolver un plan estratéxico de saúde mental que teña en conta:
  - a) O establecemento de equipos de continuidade de coidados (seguimento de pacientes con gravidade psíquica e déficits de coidados).

- b) O desenvolvemento do núcleo básico dos equipos de unidades de psioxeriatría.
  - c) A homoxeneización de distribución de recursos, e o reequilibrio de desigualdades territoriais.
  - d) O programa de rehabilitación psicosocial desenvolvido a través de centros de rehabilitación psicosocial e pisos protexidos.
- Acadar os 10 minutos como tempo medio de dedicación dos profesionais de Atención Primaria de Saúde a cada paciente.
  - Dispor dun servizo telefónico de consulta sobre problemas de saúde para a cidadanía. (Teléfono 075, condicionado á integración cos programas sociosanitarios).
  - Desenvolver o plan de atención integral á muller, con especial incidencia na:
    - a) Atención ao embarazo.
    - b) Atención sanitaria á muller vítima do maltrato.
    - c) Prevención do cancro xinecolóxico e de mama.
    - d) Prevención de embarazos non desexados (educación para a saúde sexual, información sobre anticoncepción e acceso á pílula do día despois).
    - e) Prevención de enfermidades de transmisión sexual.
    - f) Dotación de unidades de reprodución asistida planificadas con visión global de sistema.
    - g) Posibilidade de acceso á interrupción voluntaria do embarazo no sistema público.
  - Extender a cobertura do parto sen dor a todos os centros.

Dentro da **liña estratéxica 6ª**, aumentar a eficiencia na xestión e na prestación dos servizos sanitarios, preténdense acometer as seguintes accións:

- Plan de simplificación dos procesos asistenciais.
- Crear un novo procedemento de compras global e transparente, baseado nunha centralización das compras dos distintos centros.
- Plan de fomento da eficiencia na actividade asistencial e na de xestión.

- Plan de racionalización do gasto farmacéutico.
- Apoio continuo a xestores e profesionais mediante unha figura de axuda ao desenvolvemento profesional (“adestrador-coaching”).
- Plan de utilización eficiente das infraestruturas (quirófanos, laboratorios, hostalería,...) a través por exemplo, de horarios de tarde, unificación dos laboratorios de saúde pública, etc...
- Equipos de mellora de xestión nas áreas e centros.
- Sistema de control de xestión económica conectado coa actividade clínica.
- Detectar e actuar sobre “bolsas de ineficiencia” nos servizos sanitarios.
- Plans directores de xestión de áreas e centros (plans de xestión, de mantemento, de equipamento de centros, de acción medioambiental,...) que garantan o estrito cumprimento da lexislación vixente.
- Implantación dun plan de residuos sanitarios de Galicia.

Na **liña estratéxica 7<sup>a</sup>**, mellorar os sistemas de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios, considérase necesario:

- Desenvolver un Plan estratéxico no ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información na Consellería de Sanidade e no Sergas con:
  - a) Software libre no ensino sanitario.
  - b) Centro de Respaldo (Protección de Datos Sanitarios).
  - c) Integración da rede de datos e rede de telefonía.
- A creación dun cadro de mando estratéxico e táctico da organización.
- Desenvolver un sistema de información que permita avaliar e detectar novas formas de responder aos problemas.
- A creación do cadro de mando para cada nivel organizativo.
- A posta en marcha do Rexistro Galego de Tumores. (Regat).

Por último, dentro da **liña estratéxica 8<sup>a</sup>**, reorientar o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns:

- Redeseñar a organización e funcións da consellería, Sergas, saúde pública, áreas,...
- Redefinir os modelos de xestión no Sergas.
- Adaptar a LOSGA e a Lei de ordenación farmacéutica galega ás novas estratexias definidas e ao novo modelo organizativo.
- Definición operativa da carteira de servizos. Catálogo de procedementos.
- Asignación dunha carteira de servizos para cada centro ou unidade e definición dos centros de referencia para cada servizo. Mapa de derivacións.
- Establecer un sistema de seguimento de proxectos da consellería.
- Definir un plan estratéxico de xestión da Consellería de Sanidade.
- Redactar e aprobar o novo Plan de saúde 2006-2009.

---

### **3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006**

---

#### **3.1 DISTRIBUCION FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **3.1.1. Da Consellería**

#### **PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE**

##### **1. Descrición.**

O programa de “Dirección e Servizos Xerais de Sanidade” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito dos servizos centrais como das delegacións provinciais.

##### **2. Actividades.**

Os obxectivos deste programa son:

1. Facer efectivos os dereitos recoñecidos aos cidadáns na lexislación sanitaria.
  - A) Determinando as necesidades sanitarias da poboación.
  - B) Priorizando as necesidades asistenciais.
  - C) Reorientando o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.
2. Promover os mecanismos de participación e control sobre o sistema sanitario por parte dos cidadáns, os profesionais e outras partes interesadas.
3. Desenvolver a inspección e control dos centros sanitarios da Comunidade Autónoma.
4. Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara á planificación, á xestión e á prestación dos servizos sanitarios.
5. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
6. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos da Consellería de Sanidade.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Secretaría Xeral.

Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación.

## **PROGRAMA 313A. PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE**

### 1. Descrición.

O programa de “Protección e Promoción da Saúde” ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, os ditos factores. Para todo isto, impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, inspeccións, control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde.

Inclúese tamén neste programa o crédito correspondente ao Plan de loita contra drogodependencias que integra as medidas conducentes a reducir a demanda de consumo de drogas, así como outras encamiñadas ao tratamento dos problemas derivados do devandito consumo. Isto reflíctese no desenvolvemento dos seus programas en seis ámbitos de actuación: prevención, asistencia, reinserción, formación, investigación e coordinación.

## 2. Actividades.

Os obxectivos deste programa son:

1. A execución dos distintos programas destinados á promoción e protección da saúde da poboación co obxecto de:
  - A) Mellorar a seguridade alimentaria.
  - B) Protexer a saúde fronte a riscos ambientais.
  - C) Fomentar estilos de vida saudables.
  - D) Mellorar o diagnóstico precoz de enfermidades mediante programas de cribado.
  - E) Vixiar e controlar as enfermidades transmisibles e non transmisibles.
  - F) Mellorar os sistemas de organización e control en materia de saúde pública.

No exercicio 2006 destacará, dentro do plan de mellora de servizos de saúde pública a realización das seguintes actividades:

- A) Vacinación antimeningocócica en grupos de risco.
  - B) Preparación ante unha posible pandemia de gripe aviar.
  - C) Mellora da investigación de brotes de toxiinfección alimentaria.
2. Dentro do plan de loita contra a droga:
    - A) A integración da actividade do Plan de loita contra as drogodependencias na rede asistencial.
    - B) Fortalecer a estrutura de coordinación coas organizacións de loita contra a droga.
    - C) Desenvolver os programas de prevención e os recursos asistenciais e de reinserción.
    - D) Reforzar o sistema de indicadores do observatorio de Galicia sobre drogas.



**3. Órganos encargados da súa execución.**

Secretaría Xeral

Dirección Xeral de Saúde Pública.

**PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA**

**1. Descrición.**

A finalidade do programa é a coordinación, recompilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondaxes ou estudos que se realicen no seo da consellería e do Sergas.

**2. Actividades.**

A coordinación, recompilación e análise das operacións estatísticas, enquisas, sondaxes ou estudos que se realicen no seo da Consellería de Sanidade e do Sergas.

**3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Saúde Pública.

**3.1.2 Do Organismo Autónomo**

**PROGRAMA 313B. ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE**

**1. Descrición.**

O Programa de "Atención Primaria da Saúde" recolle as accións encamiñadas a conseguilo mantemento e mellora do primeiro nivel de atención primaria. Así mesmo forman parte do programa a prestación farmacéutica, e o gasto da actividade propia de atención primaria prestada con recursos patrimoniais alleos.

A atención primaria constitúe o primeiro elo de contacto do individuo, da familia e da comunidade co sistema sanitario; e ten importancia, primordialmente, polo feito de que a maior parte dos actos médicos en xeral exércense sobre a poboación a este nivel asistencial. Unha boa atención primaria posibilita, ademais dunha adecuada prestación sanitaria á poboación, a filtración da demanda crecente cara aos centros hospitalarios.

## 2. Actividades.

Unha das liñas estratéxicas sinaladas anteriormente pretende mellorar a continuidade asistencial entre a atención primaria e a atención especializada, garantindo unha atención integral da saúde.

Para iso preténdese:

1. Estender o novo modelo de atención primaria a toda a poboación.
2. Elevar a capacidade de resolución en atención primaria.
3. Mellorar a sistemática de derivación á atención especializada.
4. Establecer os criterios de derivación e seguimento de pacientes dende a atención especializada á atención primaria.

## 3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servizos Centrais
Provincia: A Coruña	
1501	C.H. Juan Canalejo
1505	X.A.P. Área de Ferrol
1507	XAP Área A Coruña
1509	XAP Santiago
1571	C.H. de Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña
Provincia: Lugo	
2701	C.H. Xeral Calde
2703	XAP Lugo
2706	Hospital Comarcal da Costa

2707	Hospital Comarcal de Monforte
2797	Direc. Prov. Lugo
Provincia:	Ourense
3201	C.H. de Ourense
3204	Hospital de Valdeorras
3206	XAP Ourense
3297	Direc. Prov. Ourense
Provincia:	Pontevedra
3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	XAP Área Vigo
3612	XAP Área Pontevedra
3697	Direc. Prov. Pontevedra

## **PROGRAMA 312A. ATENCIÓN ESPECIALIZADA**

### **1. Descrición.**

Comprende o programa de "Atención Especializada", o conxunto de actividades sanitarias desenvolvidas nos centros e polo persoal especializado do sistema sanitario, baixo o seguinte esquema:

1. Centros de atención especializada ambulatoria, constituído por centros de especialidades adscritos á atención especializada da rede propia do Servizo Galego de Saúde.
2. Centros hospitalarios xestionados e administrados polo Servizo Galego de Saúde, baixo o modelo tradicional ou con novas formas de xestión.
3. Servizos de asistencia especializada concertada.
4. Prestacións sanitarias complementarias con fins terapéuticos ou de rehabilitación.

O nivel especializado da asistencia sanitaria debe xogar o papel que lle corresponde, cumprindo unha labor de apoio á atención primaria da saúde, coa que debe estar

coordinada, e desenvolvendo aquelas funcións e actividades que non poden ser exercidas polo primeiro escalón asistencial, prestando unha asistencia de calidade ao mellor custo posible.

## 2. Actividades.

Debe ser unha obriga do sistema sanitario garantir a calidade dos procesos de servizo e das infraestruturas e equipamentos dispoñibles na prestación da asistencia sanitaria cara a obter os resultados na saúde e nos dereitos sanitarios dos cidadáns.

Dentro deste obxectivo considérase prioritario reducir e dotar de transparencia as listas de espera cirúrxicas, de consultas externas e de probas diagnósticas, considerándose tamén necesario desenvolver outras actuacións dirixidas a:

- A) A modernización das infraestruturas e equipamentos existentes nos centros mellorando a dispoñibilidade de tecnoloxías para que os profesionais desenvolvan a súa actividade á vez que se aumente o nivel de confort dos usuarios.
- B) Potenciar as consultas de alta resolución para as patoloxías máis relevantes.
- C) A extensión na cobertura do parto sen dor a todos os centros.
- D) O desenvolvemento do plan de saúde mental, tanto na área de prevención coma de asistencia.

## 3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servizos Centrais
Provincia:	A Coruña
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza
1505	X.A.P. Área de Ferrol
1571	C.H. Universitario de Santiago
1597	Direc. Prov. A Coruña
Provincia:	Lugo
2701	C.H. Xeral Calde

2706	Hosp. da Costa
2707	Hosp de Monforte
2797	Direc. Prov. de Lugo
Provincia:	Ourense
3201	C.H. de Ourense
3204	Hosp. do Barco de Valdeorras
3297	Direc. Prov. de Ourense
Provincia:	Pontevedra
3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3697	Direc. Prov. de Pontevedra

## **PROGRAMA 311A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE**

### **1. Descrición.**

O programa de “Dirección e Servizos Xerais de Sanidade” inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde coma nos servizos centrais do organismo.

Abarcará os servizos administrativos das direccións provinciais da inspección sanitaria e os servizos de informática.

### **2. Actividades.**

Os obxectivos básicos deste programa son:

1. Mellorar as tecnoloxías de información sanitaria cara á xestión e á prestación dos servizos sanitarios.
2. A consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
3. A racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos administrativos do Servizo Galego de Saúde.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servizos Centrais
1597	Dirección Provincial de A Coruña
2797	Dirección Provincial de Lugo
3297	Dirección Provincial de Ourense
3697	Dirección Provincial de Pontevedra

## **PROGRAMA 314C. FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS**

### 1. Descrición.

O programa de "Formación de Graduados e Postgraduados" ten como finalidade xenérica adecuar os coñecementos e perfiles profesionais das persoas que inician a prestación de servizos no sistema sanitario e en concreto:

1. A formación de especialistas que esixe o programa que desenvolvan os residentes médicos e farmacéuticos.
2. A formación pregraduada de diplomados de enfermaría.

Todo iso a través da actualización permanente dos coñecementos dos profesionais integrados no sistema sanitario, elevando a calidade do persoal sanitario nos aspectos asistencial e preventivo. Así mesmo precísase axustar os coñecementos profesionais das persoas que prestarán os seus servizos no sector sanitario ás necesidades reais do sistema, a través da organización de programas e cursos de formación. Por iso formaranse especialistas nos sectores de maior interese para o sistema sanitario e potenciarase a formación científica e técnica dos profesionais sanitarios.

### 2. Actividades.

Entre as actuacións deste programa están as seguintes:

1. A reciclaxe e a formación do persoal sanitario de acordo coas novas funcións tecnolóxicas e sistemas de xestión.
2. A realización de diversos cursos agrupados en tres grandes áreas temáticas: xestión, xestión clínica e I + D co obxecto de amalgamar as diversas áreas de necesidade formativa.
3. Manter e desenvolver o sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios da Comunidade Autónoma.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

<u>Centros de xestión</u>	<u>Denominación</u>
5001	Servizos Centrais
Provincia: A Coruña	
1501	C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza
1505	X.A.P. Área de Ferrol
1507	X.A.P. Área de A Coruña
1509	X.A.P. Área de Santiago
1571	C.H. Universitario de Santiago
Provincia: Lugo	
2701	C.H. Xeral – Calde
2703	X.A.P. Área de Lugo
Provincia: Ourense	
3201	C.H. de Ourense
3206	X.A.P. Área de Ourense
Provincia: Pontevedra	
3601	C.H. Universitario de Vigo
3603	C.H. de Pontevedra
3606	X.A.P. Área de Vigo
3612	X.A.P. Área de Pontevedra

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS				TOTAL
	01	02	03	80	
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	21.894,3		1.533,1	48.752,0	72.179,4
312A ATENCIÓN ESPECIALIZADA				1.782.789,5	1.782.789,5
313A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE	15.014,8	54.367,3			69.382,1
313B ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE				1.199.882,3	1.199.882,3
314C FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS				32.903,6	32.903,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA		180,9			180,9
<b>TOTAL</b>	<b>36.909,1</b>	<b>54.548,2</b>	<b>1.533,1</b>	<b>3.064.327,4</b>	<b>3.157.317,7</b>

(Miles de euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS							TOTAL
	I	II	IV	V	VI	VII	VIII	
311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	28.887,3	6.438,4	6.664,6		28.822,5	1.000,0	366,6	72.179,4
312A ATENCIÓN ESPECIALIZADA	841.733,3	698.417,1	129.084,2	24.681,5	87.522,2	1.092,8	258,4	1.782.789,5
313A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE	25.509,8	995,8	10.824,8		31.418,6	633,1		69.382,1
313B ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE	337.223,0	28.707,7	783.625,9	33.000,0	17.325,7			1.199.882,3
314C FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	32.508,6				395,0			32.903,6
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA					180,9			180,9
<b>TOTAL</b>	<b>1.265.861,9</b>	<b>734.558,9</b>	<b>930.199,6</b>	<b>57.681,5</b>	<b>165.664,9</b>	<b>2.725,9</b>	<b>625,0</b>	<b>3.157.317,7</b>

(Miles de euros)



## Distribución orgánica

<b>01</b>	<b>SECRETARÍA XERAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	15.248,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	2.259,0
Cap. IV	Transferencias correntes	14.207,0
Cap. VI	Investimentos reais	3.561,1
Cap. VII	Transferencias de capital	1.633,1
<b>TOTAL</b>		<b>36.909,1</b>

(Miles de euros)

<b>02</b>	<b>D. X. DE SAÚDE PÚBLICA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	25.509,8
Cap. IV	Transferencias correntes	250,9
Cap. VI	Investimentos reais	28.787,5
<b>TOTAL</b>		<b>54.548,2</b>

(Miles de euros)

<b>03</b>	<b>D. X. DE ASEGURAMENTO E PLANIFICACIÓN SANITARIA</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	417,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.116,1
<b>TOTAL</b>		<b>1.533,1</b>

(Miles de euros)

<b>80</b>	<b>SERVIZO GALEGO DE SAÚDE</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.224.686,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	732.299,9
Cap. IV	Transferencias correntes	915.741,7
Cap. V	Exc. Corr. e fondo Amortiz.	57.681,5
Cap. VI	Investimentos reais	132.200,2
Cap. VII	Transferencias de capital	1.092,8
Cap. VIII	Activos financeiros	625,0
<b>TOTAL</b>		<b>3.064.327,4</b>

(Miles de euros)

<b>SERVIZO</b>	<b>2006</b>
01 SECRETARÍA XERAL	36.909,1
02 D. X. DE SAÚDE PÚBLICA	54.548,2
03 D. X. DE ASEGURAMENTO E PLANIFICACIÓN SANITARIA	1.533,1
80 SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	3.064.327,4
<b>TOTAL</b>	<b>3.157.317,7</b>

(Miles de euros)

## Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	41.175,6	1.224.686,3		<b>1.265.861,9</b>
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	2.259,0	732.299,9		<b>734.558,9</b>
Cap. IV Transferencias corentes	2.901.378,9	915.741,7	2.886.921,0	<b>930.199,6</b>
Cap. V Exc. Corr. e fondo Amortiz.		57.681,5		<b>57.681,5</b>
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>2.944.813,5</b>	<b>2.930.409,4</b>	<b>2.886.921,0</b>	<b>2.988.301,9</b>
Cap. VI Investimentos reais	33.464,7	132.200,2		<b>165.664,9</b>
Cap. VII Transferencias de capital	1.633,1	1.092,8		<b>2.725,9</b>
Cap. VIII Activos financeiros		625,0		<b>625,0</b>
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>35.097,8</b>	<b>133.918,0</b>		<b>169.015,8</b>
<b>TOTAL BRUTO</b>	<b>2.979.911,3</b>	<b>3.064.327,4</b>	<b>2.886.921,0</b>	
<b>TOTAL CONSOLIDADO</b>	<b>2.979.911,3</b>	<b>3.064.327,4</b>	<b>2.886.921,0</b>	<b>3.157.317,7</b>

(Miles de euros)

## Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
MEDTEC, S.A.	27.888,0	4.326,0	32.214,0
F. PÚBLICA INST. G. DE OFTALMOLOXÍA	2.039,0	210,0	2.249,0
F. PÚBLICA HOSPITAL DE VERÍN	11.385,0	130,0	11.515,0
F. PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA	15.911,0	149,0	16.060,0
F. PÚBLICA VIRXE DA XUNQUEIRA	13.315,0	112,0	13.427,0
F. P. ESCOLA G. DE ADMÓN SANITARIA	3.300,0	430,0	3.730,0
F. P. F. PTE G. IBEROAME. DE LA SALUD	329,0	10,0	339,0
F. P. URXENCIAS SANITA. DE GALICIA	34.110,0	251,0	34.361,0
F. P. HOSPITAL DO SALNÉS	16.429,0	134,0	16.563,0
F.P. CENTRO TRANSFUSIÓN GALICIA	23.261,0	550,0	23.811,0
F.P. GALEGA MEDICINA XENÓMICA	870,0	19,0	889,0

## Medios persoais

### Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	8
<i>Persoal funcionario</i>	1.147
Grupo A	858
Grupo B	52
Grupo C	95
Grupo D	128
Grupo E	14
<i>Persoal laboral</i>	107
Grupo I	4
Grupo II	4
Grupo III	15
Grupo IV	67
Grupo V	17
<i>Outro persoal</i>	4
<b>TOTAL</b>	<b>1.266</b>

### Servizo Galego de Saúde

	At. primaria	At. especia.	Serv. Xerais	TOTAL
Altos cargos			4	4
P. Directivo	43	106		149
P. Facultativo	2.046	3.570		5.616
P. Sanitario non facultativo	1.855	11.180		13.035
P. non sanitario	1.833	5.876		7.709
P. Funcionario	861	754	397	2.012
P. Laboral	1	332	4	337
P. MIR	197	880		1.077
P. de cupo	984	177		1.161
Outro persoal		55		55
<b>TOTAL</b>	<b>7.820</b>	<b>22.930</b>	<b>405</b>	<b>31.155</b>

